

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE MAIO DE 2024

1. **ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.** Referencia: **2024/00020959Y.**

[Aprobación de actas de sesións anteriores.]

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións da Xunta de Goberno Local:

- Ordinaria de data 29 de abril de 2024.
- Extraordinaria e urxente de data 30 de abril de 2024

2. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00044568K.**

[Licenza de obras para o acondicionamento do Centro Galego de Artes Dixitais no edificio FONTAN na Avda. Manuel Fraga Iribarne, 1.]

Concédesse licenza á FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA para acondicionamento do Centro Galego de Artes Dixitais na estrutura soterrada do edificio FONTÁN na AVENIDA DE MUANUEL FRAGA IRIBARNE.

As actuacións consistirán en OBRAS DE ACONDICIONAMENTO de edificación sita baixo rasante, cunha superficie construída de 4.655 m² (4044,32 m² útiles) destinada ao Centro Galego de Artes Dixitais.

3. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00015099S.**

[Licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar , piscina e peche de parcela na rúa Nabal, 67.]

Concédesse licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar , piscina e peche de parcela na rúa Nabal, 67 lugar de Agro Novo parroquia de Villestro.

4. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2022/00046183F.**

[Licenza para a rehabilitación dunha vivenda familiar no Camiño Real de Piñeiro, 33.]

Concédesse licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no Camiño Real de Piñeiro, 33, parroquia de San Cristovo do Eixo.

5. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00049466C.**

[Licenza para a rehabilitación de vivenda familiar situada na ruelle das Figueiriñas, 28.]

Concédesse licenza para a rehabilitación de vivenda familiar situada na ruelle das Figueiriñas, 28.

6. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00037960Z.**

[Licenza de obras para cambio de uso de local comercial a vivenda na planta baixa do inmovible sito na Ruela de Altamira, 4 (esquina con rúa do Castro) e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo.]

Concédesse licenza para o cambio de uso de local comercial a vivenda na planta baixa do inmovible situado na Ruela de Altamira, 4 (esquina con Rúa do Castro).

7. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2024/00016031T.**

[Licenza de obras para a conservación, mantemento e mellora enerxética de fachada no edificio situado en Avenida de Castelao, 28.]

Concédeselle á comunidade de propietarios da Avda de Castelao 28 licenza para obras de conservación, mantemento e mellora enerxética de fachada mediante a instalación dun sistema SATE.

8. **LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2022/00033486Y.**

[Instalación de ascensor nos elementos comúns do edificio de vivendas sito na rúa San



Francisco,10 e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo.

Concédese licenza para a instalación dun ascensor nos elementos comúns do edificio de vivendas sito na rúa de San Francisco, 10.

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2023/0002287G.**

Instalación de piscina para uso privado na rúa do Miñato, 40.

Concédese licenza para a instalación dunha piscina de uso privado na rúa do Miñato, 40.

10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2023/00047002V.**

Aceptar cesión de viario e licenza para o parcelamento no LG de Sarela de Abaixo.

Acéptase a cesión de 188 m2 para ampliación de viario formalizada na escritura pública de data 11 de xaneiro de 2024, e concédese licenza para realizar un parcelamento no Lg de Sarela de Abaixo, que dá lugar a 3 parcelas.

11. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: **2024/00018070S.**

Aprobación do proxecto básico e de execución “Mellora da accesibilidade no Concello de Santiago 2023”.

Apróbase o proxecto “Mellora da accesibilidade no Concello de Santiago 2023”, cun orzamento de 237.470,05 € con IVE e un prazo de execución de 8 meses.

O proxecto recolle 14 actuacións para a eliminación doutras tantas incidencias na vía pública que dificultan a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida. Maioritariamente actuarase en pasos de peóns e itinerarios peonís.

O proxecto é resultado da colaboración con COGAMI para a mellora da accesibilidade.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: **2024/00019727Q.**

Aprobación do Plan de Contratación do 2024.

Apróbase o Plan de Contratación do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2024.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: **2024/00015006X.**

Aprobación do expediente de contratación da *Actuación de Antònia Font no Apóstolo*, cun orzamento base de licitación de 26.620,00 €.

Apróbase o expediente de contratación da *Actuación de Antònia Font no Apóstolo*, cun orzamento base de licitación de 26.620,00 €, IVE incluído.

O contrato adxudicarase mediante procedemento sen publicidade por exclusividade.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: **2021/00054033H.**

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa - OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L. (OVIGA SL) para responder do contrato de “Execución das obras de ampliación da rede de abastecemento de auga potable en Ponte Alvar (POS+2020”. EXPTE 2021/54033H CON/61/2020.

Autorízase a cancelación do aval constituído pola empresa - OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L. (OVIGA SL) por importe de 5.389,26 euros para responder do contrato de “Execución das obras de ampliación da rede de abastecemento de auga potable en Ponte Alvar (POS+2020).

15. SECRETARÍA XERAL. Referencia: **2024/00020711B.**

Designación do representante do Concello de Santiago de Compostela no Consello Social da USC.

Desígnase como representante do Concello de Santiago de Compostela no Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela a don Manuel César Vila.



16. ÁREA 0. COORDINACIÓN XERAL DAS ÁREAS MUNICIPAIS. Referencia: **2024/00013963W.**

Proposta de aprobación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da condición de capital de Galicia 2024

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da condición de capital de Galicia. A achega da Xunta de Galicia será de 2.392.425 €.

17. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2024/00016497Y.**

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Cocina Económica de Santiago pola contía de 60.000,00 €

Apróbase o convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Cociña Económica de Santiago para o outorgamento a esta entidade dunha subvención nominativa de 60.000,00 €.

18. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: **2024/00010221D.**

Encomenda da execución da Vía Verde Santiago Tramo 2 á Deputación provincial da Coruña
Apróbase a formalización dun convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación da Coruña para a execución das obras do proxecto construtivo da "Vía Verde_Santiago de Compostela_Tramo 2". En virtude deste convenio encoméndaselle a execución do proxecto de obra á Deputación provincial da Coruña.

O Concello financiará o proxecto cunha achega de 144.981,56 euros, condicionada á formalización do préstamo bancario que a financia.

19. CULTURA E FESTAS. Referencia: **2024/00016324V.**

Aprobación do texto do convenio entre a Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. e o Concello de Santiago de Compostela para a celebración do concerto da Orquestra Panorama

Apróbase o convenio entre a Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. e o Concello de Santiago de Compostela para a celebración do concerto da Orquestra Panorama o día 8 de maio, na praza do Obradoiro, dentro da programación das festas da Ascensión.

20. CENTROS CÍVICOS. Referencia: **2024/00020781N.**

Dar conta a XGL da relación de espectáculos da Rede Cultural 2024 da Deputación para os Centros Socioculturais

Dáse conta da relación de espectáculos solicitados a Deputación da Coruña que forman parte da proposta da programación REDE CULTURAL 2024 e que se levarán a cabo na Rede Municipal de Centros Socioculturais.

O custo total dos espectáculos é de 18.015 €, dos que o Concello achegará 12.610 € (o 70%) e a Deputación da Coruña 5.404 € (30% restante).

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2024/00013460M.**

Tomar coñecemento do Auto referente ao PA 172/2024 CA1. O obxecto do recurso é contra liquidación de IIVTNU.

Tómase coñecemento do auto, que declara rematado o procedemento pois o Concello estimou en vía administrativa o recurso formulado por unha entidade bancaria contra unha liquidación do IIVTNU (plusvalía) por importe de 4.008,14 €.

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2024/00013462F.**

Tomar coñecemento do Auto ditado no PA 171/2024 CA1. O obxecto do recurso é contra liquidación IIVTNU



O auto declara rematado o procedemento pois o Concello estimou en vía administrativa o recurso formulado por unha entidade bancaria contra unha liquidación do IIVTNU (plusvalía) por importe de 5.563,24 €.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013469Z.

Tomar coñecemento do auto recaído no procedemento PA 172/2024 CA2 sobre liquidación en concepto de IIVTNU

O auto declara rematado o procedemento pois o Concello estimou en vía administrativa o recurso formulado por unha entidade bancaria contra unha liquidación do IIVTNU (plusvalía) por importe de 1.682,69 €.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013454E.

Tomar coñecemento do auto recaído no procedemento PA 174/2024 CA2 sobre liquidación en concepto de IIVTNU

O auto declara rematado o procedemento pois o Concello estimou en vía administrativa o recurso formulado por unha entidade bancaria contra unha liquidación do IIVTNU (plusvalía) por importe de 1.906,60 €.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013492Z.

Tomar coñecemento do Auto ditada no PA 176/2024 CA2. O obxecto do recurso é contra liquidación IIVTNU.

O auto declara rematado o procedemento pois o Concello estimou en vía administrativa o recurso formulado por unha entidade bancaria contra unha liquidación do IIVTNU (plusvalía) por importe de 6.102,92 €.

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013934L.

Tomar coñecemento do auto recaída no procedemento PA 181/2024 ca1 sobre liquidación en concepto de IIVTNU

O auto declara rematado o procedemento pois o Concello estimou en vía administrativa o recurso formulado por unha entidade bancaria contra unha liquidación do IIVTNU (plusvalía) por importe de 6.102,92 €.

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013586Q.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PA 141/2024 CA2 sobre expediente sancionador de tráfico

Sentenza favorable pois desestima a demanda presentada contra a resolución pola que se impoñía unha sanción por exceso de velocidade. A demandante alegaba que para a imposición da multa debían constar dúas fotografías, do vehículo e da súa matrícula, que permitisen identificar sen dúbida o automóbil pero a sentenza considera que basta cunha soa, pois o modelo de radar empregado sigue e identifica inequivocamente ao vehículo durante todo o proceso de medición da velocidade.

28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00012924K.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PA 97/2024 ca1 sobre impugnación de resolución por infracción de tráfico

Sentenza desfavorable pois estima o recurso presentado contra a resolución pola que se impoñía unha multa de tráfico por mal aparcamento. O xulgado considera que a infracción, cualificada como grave, debía terse cualificado como leve e, en consecuencia, cando se iniciou o procedemento sancionador xa prescribira.

29. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00020363P.

Toma de coñecemento da sentenza recaída no PA 297/2023 CA2 sobre sanción por

condución temeraria.]

Sentenza desfavorable pois estima o recurso presentado contra a resolución pola que se impoñía unha sanción de tráfico. O xulgado considera prescrita a infracción cando se inicia o procedemento.

30. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00020555Q.

]Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 222/2022 CA1 sobre desestimación por silencio en reclamación de intereses por pago tardío de facturas.]

Sentenza favorable en parte pois aínda que condena ao concello a pagar os xuros e os custos de cobro referidos a varias facturas, reduce o período para o cálculo dos xuros; tamén se rexeita a pretensión do reclamante de cobrar os xuros dos xuros.

31. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00033516J.

]Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 239/2022 CA1 sobre desestimación por silencio de recurso de reclamación de responsabilidade patrimonial.]

Sentenza favorable pois desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial por unha caída na vía pública. A desestimación baséase no feito de que o prazo para reclamar prescribira cando se presentou a reclamación.

32. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00020959Y.

]Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas.]

Tómase coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 26 de abril e o 2 de maio de 2024.

URXENCIAS

33. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2023/00051102T.

Licenza de obra nova para construción de nave industrial destinada a elaboración e embotellamento de licores na RÚA DE CASTELA A MANCHA, 10

Concédese licenza de obra nova para construción de nave industrial destinada a elaboración e embotellamento de licores na RÚA DE CASTELA A MANCHA, 10, Parcela F4b01d do Polígono da Sionlla, cun orzamento de execución material de 3.079.482,40 €.

As actuacións consistirán na construción de dúas edificacións unha industrial e outra de oficinas complementaria da anterior de dúas plantas, cunha superficie construída total de 7.107,21 m2, ocupación de 6.453,40 m2 e altura máxima de 12 metros.

34. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00030809C.

Autorización do exercicio da vía de constrinximento para a recadación das cotas de urbanización endebedadas por URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO S.L. á Xunta de Compensación do polígono 2 do SUP-3 (Ponte Pedriña)

Rexéitase o recurso administrativo de reposición interposto por URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO S.L. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 13.06.2022, que autoriza exercitar a vía de constrinximento para recadar as cotas de urbanización endebedadas pola antedita mercantil á Xunta de Compensación do polígono 2 do SUP-3, cun capital pendente de pago de 30.728,75 euros.

O acordo notificárase persoalmente ás persoas interesadas, que poderán interpoñer recurso perante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses, contado dende o día seguinte á notificación deste acordo.

Do acordo adoptado darase traslado á Tesourería Municipal, a fin de que realicen as actuacións que procedan para o cobro da cantidade adebedada en vía executiva.

35. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2023/00022691V.

Certificación final "Pavimentación de viarios secundarios en Verdía, Marantes, A Gracia, Marrozos, Sabugueira, Villestro A Curuxeira e Aríns"

Apróbase a certificación 6 FINAL da obra "Pavimentación de viarios secundarios en Verdía, Marantes, A Gracia, Marrozos, Sabugueira, Villestro A Curuxeira e Aríns". Acórdase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación 6 FINAL da obra "Pavimentación de viarios secundarios en Verdía, Marantes, A Gracia, Marrozos, Sabugueira, Villestro A Curuxeira e Aríns", coa correspondente factura número F/2023/6648, por importe de 11.747,03 euros, IVE incluído, expedida pola empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

36. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00016961X.

Aprobación dos prazos de solicitude, do procedemento de admisión e prezos do programa municipal de conciliación de verán 2024.

Acórdase:

1.- Aprobar os prazos de solicitude e o procedemento de admisión do programa municipal de conciliación de verán 2024.

2.- Aprobar os prezos do programa municipal de conciliación de verán 2024.

Actividades 4,00 €/día

Almorzo 1,50 €/día

Comedor 3,50 €/día

Abrirase un prazo de inscrición mediante unha convocatoria pública, desde a data da aprobación en Xunta de Goberno Local, deste acordo, ata o 14 de maio, ambos inclusive.

O programa de conciliación realizarase no período de vacacións de verán 2024: mes de xuño (días 24, 25, 26, 27, 28), mes de xullo (agás sábados, domingos e festivos), mes de agosto (agás sábados, domingos e festivos) e setembro (días 2, 3, 4, 5, 6, 9, 10). Os días definitivos están suxeitos á aprobación do calendario escolar pola Xunta de Galicia e a conseguinte variación nos días non lectivos de setembro. Este programa comprende un conxunto de actividades, a desenvolver en instalacións de dous CEIP do Concello de Santiago, destinadas á poboación empadroada ou escolarizada en educación Infantil e Primaria do municipio de Santiago.

O programa inclúe a realización de actividades e obradoiros, ademais de poñer a disposición dos nenos e nenas participantes un servizo de madrugadores con almorzo (de 7,45 a 9,00 horas) e de comedor (de 14,00 a 16,00 horas).

O horario de prestación directa do servizo será de 7,45 h. ata as 16,00 h.

37. MOCIDADE. Referencia: 2024/00018000Z.

Aprobación do Campamento de verán de surf en Oleiros, para mozos e mozas de 14 a 17 anos, a celebrar entre o 1 e o 8 de xullo e do seu prezo público.

Acórdase:

1. Aprobar a Memoria do Programa Surf Camp en Oleiros verán 2024, a realizar no período comprendido entre o 1 e o 8 de xullo de 2024, no Concello de Oleiros no albergue de Santa Cruz.

2. Aprobar o prezo público do campamento de verán da Concellaría de Mocidade, Campamento de Surf en Oleiros en virtude do artigo 44.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

- Tarifa reducida por participante: Cota de 120 €

- Tarifa reducida con desconto do 16,66%: Cota de 100 € en caso de 2º irmán/a participante (ao segundo irmán/á) e en caso de familia numerosa a todos os membros que participen na actividade.



- Aplicarase un desconto do 100 % aos participantes que proveñan de familias en risco de exclusión social, previo informe do departamento municipal de Servizos Sociais nos termos establecidos no informe.

A previsión de ingresos derivado do pago das cotas dos participantes prevese en 3.120,00 €. Os pagamentos deberán realizarse antes do prazo límite do 20 de xuño